



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O O CONCELLO DE BOIMORTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CUBRICIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA NO LUGAR DE CASANOVA, DA PARROQUIA DE ARCEO

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración Local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Boimorto para a execución do proxecto de cubrición da pista polideportiva da parroquia de Arceo, que abrangue os anos 2026 e 2027.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.





III. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Boimorto o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

IV. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boimorto para a execución do proxecto de cubrición da pista polideportiva da parroquia de Arceo nos anos 2026 e 2027.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Boimorto manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a execución do proxecto de cubrición da pista polideportiva existente no lugar de Casanova, na parroquia de Arceo, coa finalidade de mellorar a súa funcionalidade, adaptándoa ás necesidades dos/as usuarios/as en función das diferentes condicións meteorolóxicas.

As áreas destinadas á práctica do deporte e o encontro social son elementos fundamentais nos servizos que presta o Concello de Boimorto aos cidadáns. Garantir o acceso á actividade física en condicións axeitadas constitúe unha cuestión esencial para o benestar, a saúde e a cohesión social.

Nunha zona climática caracterizada pola abundancia de choivas e condicións meteorolóxicas variables, é necesario cubrir e protexer das inclemencias do tempo a pista polideportiva existente na parroquia de Arceo, co obxectivo de garantir o seu uso continuado durante todo o ano.

A intervención ten por obxecto dotar de cuberta a superficie actualmente destinada á práctica deportiva ao aire libre, evitando que as condicións atmosféricas limiten a súa utilización.

En consecuencia, responde á necesidade de garantir o uso continuo da instalación, independentemente da choiva ou condicións meteorolóxicas adversas.





Ter en conta que sería a única pista polideportiva do concello cuberta (actualmente só se dispón pista de padel cuberta e polideportivo), polo que a súa execución permitiría a práctica deportiva durante todo o ano en diferentes modalidades e para diferentes colectivos de poboación (infantil,xuvenil, maiores, discapacidade...), mellorando a rendabilidade do recinto:

- deportes de equipo: baloncesto, fútbol sala, balonmano,...
- deportes de raqueta: tenis de mesa (ping-pong), bádminton...
- atletismo de pista cuberta
- outras actividades: patinaxe, ximnasia, ioga, exercicios de forza...

Ademais, proxectar un espazo cuberto favorece o mantemento e prolonga a vida útil do pavimento e dos equipamentos deportivos instalados, ao mesmo tempo que amplía a franxa horaria e estacional de uso, tanto para actividades organizadas como para a práctica libre.

O deporte é un servizo básico demandado pola poboación que vai en aumento debido á posta en valor de diferentes prácticas deportivas, polo que é preciso realizar as actuacións descritas no proxecto adxunto para así prestar dito servizo á cidadanía en condicións de calidade satisfacendo ao mesmo tempo as súas necesidades e obtendo así unha mellora na calidade de vida rural.

A posta en marcha da cubrición da pista polideportiva permitirá garantir en maior medida o desenvolvemento económico do territorio galego no medio rural, e que os cidadáns teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia ademais de potenciar a prestación de servizos por parte do Concello de Boimorto, como Administración máis próxima aos administrados, converténdoa en motor do desenvolvemento económico.

Tal como se acaba de expoñer a actuación solicitada é de inaprazable necesidade, polo que o Concello nestes momentos non dispón de partida orzamentaria de aplicación, é por elo que necesita a colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que lle permita sufragar os gastos que supoñen a execución da obra de referencia.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes





respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Boimorto.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención

Actuacións que se encadran no proxecto de cubrición da pista polideportiva da parroquia de Arceo:

O proxecto consta dunha estrutura metálica a base de piares e vigas de HEB-220, sistema autoportante de cuberta metálica con perfil curvado de 1,50 mm de espesos e tirantes Ø16 e pendolón Ø16, e arriostramentos segundo despece de planos.

VII. Importe e aplicación orzamentaria

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de cento trinta e nove mil catrocentos euros con dous céntimos (139.400,02 €) IVE incluído, segundo a memoria detallada e valorada que se xunta como anexo I ao convenio, que se fará efectivo durante os anos 2026 e 2027.





Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **centro trinta e nove mil catrocentos euros con dous céntimos (139.400,02 €) IVE incluído**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.760.0, código de proxecto 2015 00088**, distribuída do seguinte xeito:

- Ano 2026: 69.700,01 €

- Ano 2027: 69.700,01 €

Esta cantidade representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

